



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Leonor estaba no piso  
cosendo no corredor.  
O corredor era vello  
tiña buratos no piso,  
miraba dende debaixo  
víaselle o paraíso.

Tapa as pernas, Leonor,  
que si non me enghaño vexo  
debaixo de...  
as orellas dun conexo.

... podes ter-e  
que as orellas ao conexo  
non llas volverás a ver-e.

I-acudide aquí, neniñas,  
que morreu o cregho Pedro,  
/:caeu do cabal´abaixo,  
rompeu a perna do medio:/

I-o cregho de Vigho é xastre,  
i-o de Orense é zapateiro,  
o de Noia afilador-e.  
e o de Buño mariñeiro.

O cura de Santa Crus-e  
tén a camisa rachada  
que lla racharon as silvas,  
andar trás da criada.

A miña Rosiña,  
tén un caravel,  
tenno tan ghardado  
/:non lle dan con él (x3)  
a miña Rosiña,  
tén un caravel.

/:O cregho de Santa Crus-e  
non é cregho, nin señor:/  
/:que confesou á criada  
debaixo do cobridor:/



Na camisa teño pulghas,  
na chambra teño piollos,  
como teño tantos bens-e  
quéresme come-los ollos.

Eu teño un canciño  
moi bonito é,  
baila a moiñeira  
/:na punta do pé:/  
calcañar pa tras  
tocándolle as conchas  
ó chascarrachás.